

DOMINGO XVII ORDINARIO (A)

PRIMEIRA LECTURA (1 Re 3, 5. 7-12)

Lectura do libro Primeiro dos Reis

Naqueles días, en Gabaón aparecéuselle Deus, no soño da noite, a Salomón e díxolle:

- "Pídeme o que queiras".

Salomón respondeulle:

Señor, meu Deus, que fixeches que o teu servo reinase despois de meu pai David, sendo eu un rapaz pequeno, que non sabe nin conducirse. O teu servo atópase no medio deste pobo escollido por ti, un pobo grande e numeroso, que non se pode contar nin estimar.

Concédelle, pois, ó teu servo un corazón escoitador, que saiba gobernar ben o teu pobo e distingui-lo ben e o mal. ¿Quen, se non, podería gobernar este pobo tan grande?"

Ó Señor pareceulle ben que Salomón pedise aquilo.

E díxolle:

- "Xa que pediches isto e non pediches para ti mesmo vida longa, nin riquezas, nin a vida dos teus inimigos, senón que pediches acerto para ben gobernar, vouche concede-lo que pediches: unha mente sabia e intelixente, como non a houbo antes de ti nin a haberá tampouco despois.

SALMO RESPONSORIAL (Sal 118, 57 e 72. 76-77. 127-128. 129-130)

R/. (97a): **¡Canto amo, Señor, a túa Lei!**

A miña sorte é o Señor:

eu proponho observa-la túa palabra.

A lei da túa boca é para min máis preciosa
cós milleiros en moedas de ouro e prata.

Que a túa misericordia me console,
conforme o prometiches ó teu servo.

Que a túa compaixón veña a min e vivirei;
a túa lei é a miña alegría.

Eu amo os teus mandamentos,
por riba do ouro máis puro.
Guíome polas túas normas
e aborrezoo o camiño da mentira.

Admirable é a túa revelación,
por iso a observa a miña alma.
A túa palabra ó revelarse ilumina,
fai sabios ós ignorantes.

SEGUNDA LECTURA (Rm 8, 28-30)

Lectura da carta do Apóstolo San Paulo ós Romanos

Irmáns:

Sabemos que todo colabora para o ben dos que aman a Deus, dos que foron escollidos segundo os seus designios.

Pois ós que primeiro coñeceu, predestinounos a reproducir-la imaxe do seu Fillo, de tal maneira que el sexa o primoxénito entre moitos irmáns.

E ós que predestinou, a eses chamou; e ós que chamou, a eses xustificou; e ós que xustificou, a eses glorificou.

EVANXEO (Mt 13, 44-52 (longa))

Lectura do santo Evanxeo segundo Máteo

Naquel tempo, díxolle Xesús á multitude:

- O Reino dos Ceos é semellante a un tesouro agachado nunha leira; o home que o atopou, vólveo agachar e, cheo de alegría, vai e vende canto ten e merca aquela leira.

Tamén se parece o Reino dos Ceos a un negociante que anda á procura de perlas finas; en atopando unha de gran valor, foi e vendeu canto tiña, e mercouna.

Do mesmo xeito, o Reino dos Ceos é semellante a unha rede varredora largada no mar, que recolleu peixes de tódalas castes. Unha vez chea, tiraron por ela para a ribeira e, sentados, xuntaron os bos nas patelas, e tiraron os malos fóra.

Así será na fin do mundo: Sairán os anxos, e do medio dos xustos arredarán os malos para botalos no forno do lume: Alí haberá pranto e renxer de dentes.

¿Entendestes todo isto?

Eles reponderon:

- Entendemos.

El concluíu:

- Por iso, todo letrado que se fai discípulo do Reino dos Ceos parécese a un pai de familia que saca do seu tesouro cousas novas e cousas vellas.

Ou: 44-46 (máis breve)

Naquel tempo, díxolle Xesús á multitude:

- O Reino dos Ceos é semellante a un tesouro agachado nunha leira; o home que o atopou, vólveo agachar e, cheo de alegría, vai e vende canto ten e merca aquela leira.

Tamén se parece o Reino dos Ceos a un negociante que anda á procura de perlas finas; en atopando unha de gran valor, foi e vendeu canto tiña, e mercouna.